

O sentido na escrita

EXPRESIÓN

1 Ordena as oracións e copia o texto:

Crazas aos desexos que o xenio lle concedía, Aladino conseguiu casar con ela e foron moi felices.

A historia de Aladino comeza cando un bruxo se fai pasar polo seu tío e engaña para conseguir un tesouro que estaba escondido nunha cova.

«Aladino e a lámpada maravillosa» é un conto do libro *As mil e unha noites*.

Un día, Aladino viu á filla do sultán, a princesa Badr ul Budur, e quedou totalmente namorado dela; tanto, que a súa nai se preocupou ao ver que non se levantaba da cama durante días.

O mago deixou encerrado a Aladino na cova, pero este conseguiu saír de alí coa axuda dunha lámpada máxica.

Para poder entender ben un texto, a información debe ter sentido, estar relacionada co tema e seguir unha orde lóxica.

2 Explica por que estas oracións non teñen sentido:

- A nena quere moito a súa tía porque non a trata ben.
- As vacas pacen no prado, por iso hoxe chove.
- O xenio despedíronse e o vermiño cordialmente.

3 Elixe a palabra máis adecuada do recadro e completa:

- ... estou lonxe, penso en ti, ... es o meu mellor amigo.
- Aquí chove moito, ... iso é bo: ... todo está verde.
- Mañá non hai cole, ... durmirei ata tarde. ... ti traballas.

porque – aínda que
así – pero
en cambio – así que



OBRADOIRO DE EXPRESIÓN



Escribir un conto colectivo.

- Un neno da clase comeza un conto. Por exemplo: *Había unha vez un burriño chamado Paulo...*
- O seguinte continúa coa historia como queira, pero tendo en conta o que dixo o anterior.
- Utilizade palabras como *entón, máis tarde, polo tanto...* para unir as distintas partes.

O xénero narrativo

LITERATURA

Os principais textos do xénero narrativo son:

- A **novela**: é unha narración literaria longa.
- O **conto**: é un relato de extensión curta.
- A **fábula**: os protagonistas son sempre animais; remata cunha ensinanza chamada **sentenza**.
- A **lenda**: aparecen personaxes con poderes extraordinarios.

Lembra

Os textos narrativos contan sucesos reais ou imaxinarios que lles ocorren a uns personaxes nun lugar e nun tempo concretos.

1 Le o seguinte texto narrativo e contesta:

Un día, un vello can camiñaba feliz xunta un río levando entre os dentes un exquisito óso de tenreira. Daquela, viu na auga do río o seu propio reflexo e pensou que era en realidade outro can, que levaba un óso aínda máis grande có seu.

Desexando apoderarse de tan succulento manjar, soltou o seu para apoderarse do que levaba o seu suposto compadre.

Mais o resultado foi que quedou sen un óso e sen o outro: o do río porque non existía, só era un reflexo; o seu, porque o levou o río corrente abaixo.


Nunca desexes o ben alleo, pois podes quedar sen o que conseguiches co teu esforzo.*

Esopo (adaptación)

.....
alleo: Que pertence a outro.



- Que clase de texto narrativo cres que é? Por que?
- Se fose unha novela, o can podería razoar?
- Ten algunha ensinanza final? A que coñecido refrán se parece?



1 Aprende os nomes destes peixes e relaciónaos cos seus debuxos:

- | | | | | |
|------------|---------|----------|---------|-----------|
| quenlla | troita | linguado | raia | sardiña |
| peixe sapo | pescada | lamprea | ollomol | rodaballo |

2 Algúns peixes teñen distintos nomes segundo a zona. Relaciona:

- | | |
|-----------|------------|
| anchoa | xouba |
| rincha | palometa |
| parrocha | bocarte |
| rabada | meiga |
| castañeta | xarda |
| rapante | peixe sapo |

3 Identifica os mariscos das ilustracións da dereita:

- | | | | |
|----------|------------|---------|---------|
| mexillón | berberecho | percebe | camarón |
| lagosta | centola | vieira | ostra |

4 Completa as oracións con palabras do exercicio anterior:

- Eu nunca atopei unha perla dentro dunha ...
- O ... críase nas bateas.
- Os peregrinos levan unha ... no caxato.
- A ... é coma un caranguexo grande.
- O ... dáse nas rochas, en sitios moi batidos polo mar.



As palabras primitivas, derivadas e compostas

5 Observa as fotos e fíxate ben nas palabras:



mariñeiro



augamar



mariscadora

- As palabras primitivas son as que non derivan doutras: *mar*.
- As palabras derivadas fórmanse a partir doutra, engadindo prefixos ou sufixos: *mariñeiro*, *mariscadora*.
- As palabras compostas son as que están formadas por dúas ou máis palabras simples: *augamar*.

6 Clasifica na táboa os seguintes grupos de palabras. Presta atención porque sempre hai unha intrusa:

- | | | | | | |
|----------|-----------|------------|----------|-----------|-----|
| marea | submarino | amarar | baixamar | preamar | (A) |
| mareira | maremoto | marzo | marusía | augamar | |
| paraugas | augar | augardente | auganeve | augaforte | (B) |
| augada | desaugar | augamariña | aula | augadoiro | |

primitiva	derivadas	compostas

USO O DICCIONARIO

1 Fíxate nas seguintes palabras e búscasas no dicionario:

picapeixe – embarcadoiro – peixota – barqueiro

- Di se son derivadas ou compostas.
- Escribe as palabras primitivas das que proceden as derivadas; separa as compostas nas palabras simples que as forman.

1 Le as oracións que hai debaixo da fotografía e fíxate nas palabras destacadas. Son verbos:



Os pescadores **chegaron** ao mediodía. **Traían** moreas de peixe.

Os verbos son palabras que indican acción ou estado. Están formados por un lexema e por desinencias:

- O **lexema** é a parte que queda ao quitar a terminación do infinitivo. Informa sobre o seu significado (*cheg-*).
- As **desinencias** son os morfemas do verbo. Expresan:

persoa	número	tempo	modo
1.ª, 2.ª, 3.ª	singular plural	pasado presente futuro	indicativo subjuntivo imperativo

- Di a que conxugación pertencen os verbos do exercicio 1.
- Separa o lexema das desinencias nas seguintes formas verbais: tocaron – temía – abrirei – berren – collestes
- Volve ao poema que introduce a unidade e sigue estes pasos.
 - Identifica os verbos que hai na segunda estrofa.
 - Clasifícaos en formas persoais e non persoais.
 - Di a que conxugación pertencen.
 - Indica a persoa, o número, o tempo e o modo das formas que sexan persoais.

Fíxate

Clasifícanse en tres conxugacións: 1.ª (infinitivo en *-ar*), 2.ª (infinitivo en *-er*) e 3.ª (infinitivo en *-ir*). Para coñecer as súas formas podes consultar o Apéndice.

Fíxate

As formas non persoais dos verbos son: o infinitivo (*falar*), o xerundio (*falando*) e o participio (*falado*).

- Os verbos regulares manteñen, en toda a conxugación, o mesmo lexema do infinitivo e teñen as mesmas desinencias que os verbos modelo da 1.ª, 2.ª e 3.ª conxugación (*nadar, perder, partir*).
- Os verbos irregulares presentan modificacións:
 - a) no lexema, distinto do infinitivo: *dicir* → *digo*;
 - b) no lexema ou nas desinencias: *ter* → *tiven*; *caber* → *couben*.

5 Localiza os verbos e indica o infinitivo de cada un deles:

Xerardo puxérase de parrafeo, pasáralle o tempo e cando se deu conta, o barco marchara sen el. Non tería xardas para esa noite e deulle rabia.

Mentres matinaba nestas leñas, escoitou unha voz. Era un peixe, que o chamaba polo seu nome! Xerardo asustouse, pois nunca tal vira..., pero respondeulle. Falaron un bo anaco e fixéronse amigos. Agora Xerardo xa non come peixe; prefíre a carne.

- Clasifica os verbos anteriores en regulares e irregulares.



Fíxate

Para saber se un verbo é irregular, observa o presente e o pretérito de indicativo, e o presente de subjuntivo. Se neses tempos non hai alteracións, o verbo é regular.

XOGO COA LINGUA

1 Constrúe oracións combinando os elementos destes recadros:

Os	naí	vivir (presente)	tarde	o	edificio?
Aquel	mariñeiros	volver (futuro)	desde	teu	traballo.
A miña	nenos	zarpar (pasado)	no	do	peirao.

- Conxuga os verbos no tempo que se indica e fai a concordancia co suxeito.
- Son regulares ou irregulares? Razona a túa resposta.

As comiñas

- 1 Le e repara no uso das comiñas:
Bernardino Graña foi «o poeta do mar».

As comiñas úsanse:

1. Nas citas textuais: *Le a estrofa que empeza así: «*Pra que en Galicia cheiren as fábricas».*
 2. Para citar títulos de traballos, capítulos de libros, poemas, artigos, etc.: *O poema «Canción para ir ao mar de pesca» escribiuno Bernardino Graña.*
 3. Para destacar palabras mal ditas (*O pequeno di que se bañou na «pistina»*), estranxeiras (*Coleccionar selos pareceche «freaky?»*) ou usadas ironicamente (*A ese rapaz tan malencarado chámanlle «o simpático»*).
- 2 Copia e pon as comiñas necesarias:
 - Mira que listo: fun pintar o cuarto e non tiña brocha.
 - Disque levou tal susto que case lle dá un simposium ao corazón.
 - Mandeiulle un whatsapp a Carlota, pero non me contestou.
 - Foi Gandhi o que dixo: Non lle deades peixes ao meu pobo, ensinádelle a pescar.
 - Destacaron a noticia cun gran titular: A praia de Rodas, considerada a mellor do mundo.
 - 3 Indica ao lado das oracións anteriores o número de regra que se guiches en cada caso.



ORTOGRAFÍA

Fíxate

Nos textos impresos, adoita utilizarse a cursiva para citar títulos de libros ou obras de arte: *Profecía do mar*.

Se escribimos á man, podemos poñelos entre comiñas: «Profecía do mar».

As parénteses

As parénteses úsanse:

1. Para facer algunha aclaración: *Toda a obra de Bernardino Graña (o autor deste poema) está escrita en galego.*
 2. Para indicar o significado dunhas siglas ou para poñer as correspondentes a un enunciado: *Uns estudantes da UDC (Universidade da Coruña) formaron un grupo de teatro.*
 3. Nas anotacións das obras de teatro: *O porquiño (apalpando a barriga): Empezo a ter unha fame negra!*
- 4 Copia estas oracións e pon as parénteses que faltan:
 - A Unión Europea UE está formada por 27 Estados.
 - Manuel Murguía 1833-1923 impulsou o Rexurdimento.
 - 5 Coloca as comiñas e as parénteses necesarias:
 - Levas unha mochila do máis fashion.
 - Agustín Fernández Paz premio nacional de literatura infantil e xuvenil foi profesor de Lingua.
 - Lin no xormal este titular: A pesca galega navega entre temporais.



OBRADOIRO ORTOGRÁFICO



Ditado

- 1 Le o texto antes de facer o ditado:

Xavier Nogueira (Carreira, 1923 – Aguiño, 2012) tiña 23 anos cando embarcou nun veleiro e saíu rumbo a Kemi (Finlandia). Alí coñeceu a Anna e namorouse dela. Faloulle da súa terra e aprendeulle palabras en galego: «morriña», «viruxe», «agarimo»... Co tempo, volveron os dous a Galicia. Hoxe Anna é «máis galega ca o mar», como di ela.

Despois do ditado

- 2 Intercambia o teu ditado co do teu compañeiro ou compañeira e corríxeo, tendo en conta os seguintes aspectos:

CALIGRAFÍA



LIMPEZA



ERROS



1 Le o texto e responde:

- Que personaxes interveñen no chiste? En que partes falan directamente?
- Que signo ortográfico sinala a intervención de cada un dos personaxes?
- Con que verbos introduce o narrador as palabras dos personaxes? Cópiaos.
- O texto está escrito en pasado (*entrou, decidiu, foi...*), pero en que tempo falan os personaxes?

Chiste de nenos

Un rapaciño entrou nunha tenda de xoguetes e púxose a mirar todos os peluches. Ao final decidiu por un canguro e foi pagar, pero entregoulle á caixeira un billete do Monopoli. A caixeira mirouno e, amablemente, díxolle:

— Síntoo, pero isto non é diñeiro de verdade.

Entón o neno contestoulle:

—Xa, pero é que este tampouco é un canguro de verdade!

O estilo directo reproduce exactamente as palabras dos personaxes. Para introducilas, o narrador emprega un verbo de lingua (*dicir, contestar, preguntar, berrar...*) e dous puntos.

2 Hai dúas maneiras de poñer as palabras dos personaxes. Fixate no exemplo e completa:

O capitán dixó: «Soltade amarras!».

O grumete retrucou: ...

O bombeiro preguntou:

— ...

- Que diferenza hai entre elas?

OBRADOIRO DE EXPRESIÓN



1 Pasa este chiste a estilo directo:

Un capitán preguntoulle a un mariñeiro se sabía nadar. O mariñeiro contestoulle que si que sabía, e o capitán quixo saber onde aprendera. O mariñeiro respondeulle que aprendera na auga.

Planifica

- Identifica os personaxes e pensa que van dicir.
- Elixe verbos de lingua (*dicir, responder, aclarar...*); procura non repetilos.

Escribe

- Escribe a introdución do narrador, en pasado.
- Usa os verbos de lingua.
- Non esquezas utilizar os dous puntos.

Revisa

- Le o chiste en voz alta; asegúrate de que seguiches ben todos os pasos.
- Comproba se puxeches os dous puntos e as raías.

Nunha obra narrativa, os personaxes poden ser:

- **Principais:** a historia xira en torno a eles. O máis importante de todos é o protagonista.
- **Secundarios:** interveñen na acción, pero non teñen tanta relevancia coma os principais.

1 Le o texto e resolve as cuestións:

O gatipetro é un gato branco que ten na cachola un como mouro; o gatipetro vén polas noites ás casas, e párase nos cuartos nos que hai nenos durmindo. Entón, o gatipetro ponse a verquer auga polo seu corniño, e o neno, en soños, escoitando o pingar da fontíña aquela, soña que mexa, e de verdade mexa na cama.

Para espantar o gatipetro, abonda con botar unhas areas de sal á porta do cuarto e ao pé da fiestra. O gatipetro anda apoiándose, ademais de nas catro patas, na lingua, e ao probar o sabor do sal, o gatipetro dá a volta e prosegue a súa nocturna viaxe, deixando os nenos da casa en paz.

Alvaro Cunqueiro: «O Gatipetro». En *Escola de menciñeiros*, ed. Galaxia.



- Cal é o protagonista do relato que acabas de ler?
- Explica como é.

Os personaxes dun conto ou relato poden ser reais (se se asemellan aos que existen na realidade) ou imaxinarios (froito da fantasía).

2 Que clase de personaxe é o Gatipetro?

3 Escribe un pequeno relato que teña como protagonista o Gatipetro. Debes engadir:

- Un personaxe principal que participe na acción.
- Un personaxe secundario.

Cunqueiro

Foi xornalista, escritor e gastrónomo. A súa obra caracterízase polo fino humor e por mesturar realidade e fantasía.



andoriña



pardal



merlo



gaiyota



moucho



corvo



pomba



paspallás

1 Clasifica estas aves en dous grupos:

- | | | |
|--------|----------|---------|
| pega | galo | pingüín |
| aguia | pavo | parrulo |
| cegoña | curuxa | ganso |
| galiña | reiseñor | falcón |

silvestres

de curral

2 Como falan? Usa o dicionario e relaciona estes verbos con algunhas aves do exercicio anterior:

- cacarexar – trilar – grallar – cantar – berrar

3 Une estas palabras coa definición que lles corresponda:

- | | | | |
|---------|--------|----------|--------|
| crista | pito | capoeira | pouta |
| peteiro | gaiola | pita | rolada |

- ...: Niñada de paxaros ou de pitos.
- ...: Galiña que aínda non pon ou que empeza a poñer ovos.
- ...: Boca das aves.
- ...: Anaco de carne de cor vermella que teñen algúns paxaros sobre a cabeza.
- ...: Cría das aves, especialmente da galiña.
- ...: Lugar onde se crían e viven as galiñas e aves domésticas.
- ...: Caixa de barras ou arames para pechar nela animais.
- ...: Pé dalgúns animais, con uñas fortes e curvadas.

4 Busca no exercicio anterior un sinónimo de cada unha das seguintes palabras:

- pola – gadoupa – bico – galiñeiro – polo

As familias léxicas

Lembra que todas as palabras formadas a partir dun mesmo lexema (primitiva, derivadas e compostas) constitúen unha familia léxica.

5 Relaciona cada palabra co seu significado:

- paxaro** Bandada de paxaros.
- paxarela** Gaiola grande para criar paxaros.
- paxarería** Persoa que caza, vende ou cría paxaros.
- paxarada** Bolboretta, avelaiña.
- paxareiro** Tenda na que se venden paxaros.
- paxareira** Nome das aves de tamaño pequeno.

6 Asocia cada palabra co seu significado:

- avicultor – avecí – avefría – avetarda – avicultura
- ...: Conxunto numeroso de aves mariñas.
- ...: Persoa que se dedica a criar aves.
- ...: Ave de cor verde escura, con ás e peteiro negros e cabeza cun penacho de plumas.
- ...: Cría de aves domésticas con fins comerciais.
- ...: Ave de plumaxe parda avermellada con manchas negras, ás curtas e voo baixo e lento.

- Identifica o lexema e clasifica as palabras anteriores:
 - derivadas → ...
 - compostas → ...

7 Engádelle á palabra pluma os prefixos e sufixos que se indican e forma a súa familia léxica:

Sufixos	-axe
	-eiro
	-ifero

Prefixos	des-
	em-

USO O DICCIONARIO

1 Busca estas palabras no dicionario e copia a súa familia léxica:

- pel – niño – ovo – aire – cría



Fíxate

En moitos dicionarios atoparás, ao final da entrada, a familia léxica da palabra. Por exemplo:

voar v.i. 1. Moverse ou ir polo aire. 2. fig. Andar de présa ou rapidamente.

FAM. Voante, voador, volante, voo.

A voz activa e a voz pasiva

GRAMÁTICA

1 Fixate nas palabras destacadas:



Manuel fotografou as pardelas.



As pardelas foron fotografadas por Manuel.

O significado das dúas oracións é o mesmo, pero na primeira o verbo está en voz activa, e na segunda, en voz pasiva. Usamos unha voz ou outra dependendo do que queiramos destacar.

No primeiro enunciado *Manuel* é o suxeito: é activo, realiza unha acción. No segundo enunciado o suxeito é *As pardelas*, pero estas non realizan ningunha actividade, sofren a acción; son, polo tanto, pasivas.

- Na voz activa o principal é quen realiza a actividade (suxeito axente): *Manuel fotografou as pardelas*.
- Na voz pasiva o importante é destacar quen recibe a acción realizada (suxeito paciente): *As pardelas foron fotografadas por Manuel*.

2 En cada parella, indica que oración está en voz activa (A) e cal en voz pasiva (P):

– Os diplomas do concurso foron entregados pola directora.

A directora entregou os diplomas do concurso.

– Os profesores organizaron a excursión.

A excursión foi organizada polos profesores.

– Rosalía de Castro escribiu *Cantares gallegos*.

Cantares gallegos foi escrito por Rosalía de Castro.

- Se tes dúbidas, subliña o suxeito en cada oración e pensa se realiza a acción (A) ou se a recibe (P).

3 Fixate na imaxe e nas oracións que hai a continuación:



A alcaldesa inaugurou a exposición.

A exposición foi inaugurada pola alcaldesa.

Cando transformamos unha oración, o obxecto que recibe a acción na voz activa convértese no suxeito da voz pasiva.

A alcaldesa inaugurou a exposición. [voz activa]

OBXECTO

A exposición foi inaugurada pola alcaldesa. [voz pasiva]

SUXEITO

4 Observa o exemplo e transforma as seguintes oracións de voz activa a voz pasiva:

► O arquitecto rematou o edificio en 1999. → O edificio foi rematado polo arquitecto en 1999.

- A profesora explicou os deberes.
- Moitos médicos recomentan a natación.
- O xurado elixirá os gañadores.
- O carteiro entregou a carta.

XOGO COA LINGUA

1 Ao carteiro caéronselle as cartas e mestrouse toda a información. Axúdao a reconstruír catro oracións pasivas:

A noticia	O gato	foi derrubado	foron feitos
foi dada	O estadio de fútbol	pola radio.	en 2014.
Os deberes	foi rescatado	por Diego.	polos bombeiros.

As palabras con b

Escribense con b:

- As palabras que comezan por bu-, bur- e bus-: *buguina, burla, buscar...* Excepto: *vurullo*.
- As terminacións do **copréterito** de indicativo dos verbos da 1.ª conjugación: *falaba, camiñabamos...*
- Os infinitivos dos verbos rematados en -bir e -buír: *escribir, concibir; contribuir, distribuir...* Excepto: *vir, servir, vivir* e os seus derivados (*servente, vida...*).
- Os prefixos:
sub-: *submarino, subdirector...*;
ab-: *absurdo, absorber...*;
bis-/bi-: *bisneto, bianual...*
- Os sufixos:
-bilidade: *amabilidade, habilidade...*;
-bundo/-bunda: *vagabundo, moribunda*.
- As palabras con **br** e **bl**: *brando, publicidade...* Excepto: *acivro*.
- As seguintes palabras:

abelá	bafo	automóbil	baleiro	beira
billa	bubela	marabilla	rebentar	móbil

1 Completa coas palabras que corresponden ás imaxes da dereita:

- Ao meu gato encántalle xogar cun ... de la.
- O verme converteuse nunha fermosa ...
- Por moito que toques a ... non vai desaparecer o atasco.
- O meu teléfono ... deixou de funcionar.
- Os ... non rinchan, senón que ornean.
- Por aquí non podemos ir; hai un sinal de ... o paso.
- Encántanme as ... e as améndoas.

2 Indica o número de regra que seguen estas palabras con b:

burbulla	<input type="checkbox"/>	amable	<input type="checkbox"/>	abeleira	<input type="checkbox"/>
cantaba	<input type="checkbox"/>	bisavó	<input type="checkbox"/>	brêtema	<input type="checkbox"/>
recibir	<input type="checkbox"/>	abdome	<input type="checkbox"/>	soñaban	<input type="checkbox"/>
subacuático	<input type="checkbox"/>	bufanda	<input type="checkbox"/>	visibilidade	<input type="checkbox"/>

ORTOGRAFÍA



As palabras con v

- Os adxectivos rematados en -avo/-ava, -ave; -evo/-eva, -eve; -ivo/-iva; -ovo/-ova: *bravo, suave, lonxevo, leve, altiva, novo...*
- As palabras que comezan por **ad-** (*advertir*) e **sub-** (*subvención*).
- Os verbos rematados en -servar e a maioría dos rematados en -ver: *observar, mover, volver...*
 Excepto: *beber, caber, deber, haber, saber, sorber*.
- As formas dos verbos **estar** e **ter**: *estiven, tivera...*
- As seguintes palabras e as súas derivadas:

avó	avogado	covarde	escaravello	escarvar
esvarar	esvelto	garavanzo	gravar	gravata
trevo	varanda	varrer	vasoira	vermello
verniz	verzas	voda	voitre	vulto

3 Completa con algunhas das palabras da lista anterior:

- Vicente: que che pasa hoxe? Andas nas ...!
- Hai que ... debaixo da mesa, que está todo cheo de migas.
- Cando casou a tía Menchu, cantara un coro na ...



OBRADOIRO ORTOGRÁFICO



Ditado

1 Le o texto antes de facer o ditado:

Branca e Bea viven na vila de Boimorto e son irmás. Lévanse de marabilla, entre elas e co seu avó. O avó Cristovo sempre lles contaba fermosas historias cando eran cativas: historias de aves que viñan doutros continentes, de bruxas que voaban en vasoira...

Despois do ditado

2 Intercambia o teu ditado co do teu compañeiro ou compañeira e corrixeo, tendo en conta os seguintes aspectos:

CALIGRAFÍA



LIMPEZA



ERROS



O estilo indirecto

EXPRESIÓN

1 Le o texto e fíxate nas palabras subliñadas:

Chegou a primavera e catro pequenas cabezas asomaron no niño dos xilgaros. Unha tarde chegaron uns rapazotes. Un deles agatuñou pola árbore e díxolles aos outros que alí había un niño. Outro preguntoulle cantos paxariños había. O de arriba respondeu que eran catro. Desde abaixo, un dos rapaces pediulle que os collese. Todos berraron contentos e decidiron que os repartirían.

O **estilo indirecto** reproduce o que din os personaxes, pero é o narrador quen nolo conta.

2 Fíxate no exemplo e pasa estas oracións a estilo indirecto:

- ▶ O rapaz dixo: «Teño fame». → O rapaz dixo que tiña fame.
- Nerea afirmou: «É verdade».
- O profesor preguntou: «Rematastes os exercicios?».
- Meu pai ordenoume: «Recolle o teu cuarto».
- Os rapaces berraron: «Por fin comezan as vacacións».
- A miña irmá dixo: «Que tarde é!».

OBRADOIRO DE EXPRESIÓN

1 Os pais do paxariño deciden ir rescatalo. Fíxate nas imaxes e escribe o que sucede en estilo indirecto:



Ti viches para onde foron?



Cantarei para arrolar o meu paxariño.



Aí están!
Agóchate entre as pólas!

Planifica

- Fai unha lista cos verbos de lingua que necesitarás.
- Lembra que despois do verbo debes escribir as palabras que ou se.

Escrebe

- Escribe a historia utilizando a terceira persoa.
- Conxuga os verbos en pasado, como aparecen no resto da narración.

Revisa

- Le o texto en alto e comproba se reproduce o que contan as viñetas.
- Revisa os tempos verbais e corrixe a ortografía.

O espazo e o tempo

LITERATURA

O espazo e o tempo constitúen o marco do relato.

- O **espazo** é o lugar onde se sitúan os feitos narrados. Pode ser un espazo aberto (**exterior**) ou pechado (**interior**).
- O **tempo** informa do momento no que ocorre a historia. Pode ser **presente, pasado ou futuro**.

1 Lede o texto repartindo os diferentes papeis (narrador, don Felisindo e don Feliciano):

Como todos os seráns, o Sr. don Felisindo Gómez puxo o chapeu, pillou o caxato e foi en procura de don Feliciano Folgoso, para iren os dous ao Ateneo*. Ao chegar á casa do seu amigo, viu a porta aberta, así que se encamiñou ao despacho. Alí puido ver unha escena insólita: don Feliciano estaba tombado enriba da mesa, pernas e brazos no aire, e imitaba compasadamente os movementos dunha ra. Don Feliciano, véndose así collido, brincou da mesa embaixo.

— E logo, dedicase á ximnasia sueca? — preguntou don Felisindo coma se nada.

— Claro — dixo don Feliciano pódose colorado —, non lle contara nada... mais... querialle dar unha sorpresa... Non é ximnasia.

— Pois daquela que estaba facendo?

Don Feliciano púxose confidencial:

— Amigo Gómez, vostede sabe nadar?

— Non señor.

— Pois eu... estou aprendendo.

— Xa caio — exclamou don Felisindo —: está vostede aprendendo a nadar en seco!

Vicente Risco: *Os europeos en Abrantes*, ed. Galaxia (adaptación).

Ateneo: Sociedade cultural.

2 Onde quedaban os dous amigos para ir ao Ateneo?

- Daquela, tratábase dun lugar aberto ou pechado?

3 En que momento do día se reunían para adestrar? Copia a parte do texto onde o di.



Vicente Risco

Foi membro do Grupo Nós. Escribiu ensaios, relatos e novelas e investigou sobre os costumes e as tradicións galegas.